



«Y tú, por qué quieres hablar de eso», a memoria incómoda da guerra civil

A historiadora Paz Leirós constrúe en *Y tú por que quieres hablar de eso* –a súa primeira novela– un relato que mistura ficción e historia sobre a memoria máis incómoda da guerra civil e da posguerra. É o testemuño literario dunha familia que apoiou o golpe de estado en Santiago de Compostela.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, PRIMAVERA-VERÁN, 2022.- Quen apoiaron o golpe de estado de 1936 en Santiago de Compostela? Por que o fixeron?

Un testemuño literario cunha enorme carga de verdade, honestidade, dor e contradicións, que plasma un tempo difícil e incómodo de maneira extremadamente orixinal, un tempo que expresa ademais **a dificultade das mulleres para tomar decisións sobre a súa propia vida**.

Unha **colaxe de voces, situacións, viñetas e fragmentos** emerxen ao redor dunha familia, os Cifuentes, e dunha cidade, **Compostela**. Historias narradas a través dunha estrutura coral, dun fluír entrecortado de alocucións e silencios... **É a Historia oficial e sobre todo a oculta**. A memoria e os feitos. A palabra contra o esquecemento.

Y tú, por qué quieres hablar de eso



PAZ LEIRÓS

alvarellos

Páxinas: 144. Formato 14 x 21 cms.
ISBN 978-84-18567-22-3 PVP: 16,50 €

«*Moi claro e emotivo*».

Julián Casanova, historiador.

Paz Leirós (Compostela, 1954), estudou Historia na Universidade de Santiago de Compostela e na Complutense de Madrid. Profesora de Historia no Instituto Rosalía de Castro de Santiago ata 2018, realizou estancias de formación en Ottawa, Nova York e Londres. Colaborou coa “Vogalía da Muller” da asociación veciñal “A Xuntanza” da súa cidade. Formou parte de “Sinenómine”, asociación de profesores de Historia, organizadora de ciclos de cine e exposicións para levar a Historia alén da aula. É autora do traballo de investigación histórica: *Un fidalgo no cambio de século. Pedro Ventura de Puga e o pazo de Fontefiz* (2015).

Y tú, por qué quieres hablar de eso é a súa primeira novela.

* Contacto coa autora: pazleiros@gmail.com

